



Reunido o Xurado da **XXXV MOSTRA DE TEATRO ESCOLAR 2026** composto por:

- ANA JUDEL PRIETO (presidenta do xurado), técnica de Educación do Concello da Coruña, foi docente de grupos de teatro escolar, directora de Fórum Metropolitano e programadora de teatro infantil.
- RAMIRO NEIRA CORTÉS, actor e narrador de tradición oral, director e produtor de diversos proxectos teatrais en Galicia, docente de grupos de teatro escolar e amator.
- XOSE LEIS MARTÍNEZ, graduado en Pedagogía Teatral e Máster en Estudos Teatrais e Audiovisuais da UDC, actor de teatro e audiovisual, director e programador de festivais teatrais, docente de grupos de teatro escolar.
- ALFONSO QUEIJO RODRÍGUEZ, técnico de Educación do Concello da Coruña, que actúa coma secretario.

Na XXV Mostra de Teatro Escolar 2025-2026 inscribíronse 16 grupos (2 de E. Infantil, 9 de E. Primaria e 5 de E. Secundaria) de 14 centros educativos do concello da Coruña.

No transcurso do Mostra, déronse de baixa 2 grupos (1 de EP e 1 de ES). Polo que, en total, participaron 14 grupos de 12 centros, con 278 alumnos/as de EI, EP, ESO e bacharelato e 32 profesores/as, monitores e acompañantes.

[Handwritten signatures in blue ink on the left margin]

Rematado o prazo de exhibición en intercambio, do 13 de abril ao 14 de maio, entre 12 centros participantes das seguintes 14 obras presentadas:

| Centro | Grupo | Nivel | Espectáculo | Data da representación |
|----------------------------------|------------------------------|-------|---|------------------------|
| CPR Obradoiro | Colegio Obradoiro Infantil | EI | What the ladybird heard | 11/05/26 |
| EIM Luis Seoane | Teatreiros Luis Seoane | EI | Isabel e o barco da saúde | 14/05/26 |
| CEIP Cidade Vella | Grupo de teatro Cidade Vella | EP | Tortura disfrazada de excursión | 05/05/26 |
| CEIP Rosalía de Castro | Comediantes | EP | La última partida | 23/04/26 |
| CEIP Víctor López Seoane | Drama Club Víctor López | EP | Picasso vén á Coruña | 29/04/26 |
| CPR Esclavas del Sagrado Corazón | Os teatreiros de 5ºB | EP | Mamasiña, que medo! | 21/04/26 |
| CPR Esclavas del Sagrado Corazón | Os teatreiros de 5ºA | EP | Mamasiña, que medo! | 29/04/26 |
| CPR Fogar Santa Margarida | Hogar Teatro | EP | La boda que salió rana | 08/05/26 |
| CPR Franciscanos | Franciscanos | EP | Tres pelos de oro de la cabeza del diablo | 13/04/26 |
| CPR Obradoiro | Obradoiro | EP | Theseus and the Minotaur | 06/05/26 |
| CPR Internacional Eirís | Las Tenorias | ES | El Casting | 20/04/26 |
| CPR Marista Cristo Rey | Música Maristas | ES | Hoy no me puedo levantar | 12/05/26 |
| IES Agra do Orzán | Agor Teatro | ES | Aurelio, criado de dous patrón | 07/05/26 |
| IES Monte das Moas | Telón de Aquiles | ES | Memorias dun esquelete | 24/04/26 |

Tras a visualización das obras ou das gravacións das mesmas e de acordo coas puntuacións emitidas polo Xurado, en base aos criterios de valoración reflexados nas bases do presente programa (orixinalidade ou adaptación do texto; orixinalidade do vestiario e maquillaxe; orixinalidade da escenografía e a iluminación; corrección e fluidez lingüística; e dramatización e coordinación do grupo), **resolve outorgar os PREMIOS DE CADA CATEGORÍA as seguintes obras:**

| CATEGORÍA | OBRA | CENTRO EDUCATIVO |
|----------------------|---------------------------------|--------------------|
| EDUCACIÓN INFANTIL | What the ladybird heard | CPR OBRADOIRO |
| | Isabel e o barco da saúde | EIM LUIS SEOANE |
| EDUCACIÓN PRIMARIA | Tortura disfrazada de excursión | CEIP CIDADE VELLA |
| EDUCACIÓN SECUNDARIA | Memorias dun esquelete | IES MONTE DAS MOAS |

Para cada unha das categorías deste concurso estableceuse como premio un cheque por valor de 100€ para cada un dos grupos gañadores.

Coma na categoría Infantil outorgase o premio “ex aequo” a dous grupos participantes, o premio será de un cheque de 50€ para cada grupo gañador.

Ademais, **o xurado resolve outorgar as seguintes MENCIÓNS ESPECIAIS** (sen dotación económica) **as seguintes obras:**

| MENCIÓNS | OBRA | CENTRO EDUCATIVO |
|-----------------------------------|---|---------------------------------|
| MELLOR ESCENOGRAFÍA | Isabel e o barco da saúde | EIM LUIS SEOANE |
| MELLOR VESTIARIO | Alicia en el País de las Maravillas | CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ |
| MELLOR OBRA DE CREACION COLECTIVA | La boda que salió rana | CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA |
| MELLOR ADAPTACIÓN | Tres pelos de oro de la cabeza del diablo | CPR FRANCISCANOS |

O xurado **destaca** ao gran nivel das obras representadas, tanto das adaptacións coma as de creación colectiva, e dos grupos escolares, pola súa calidade interpretativa e súa capacidade de improvisación, resultando moi complicada a selección dos premiados.

E felicita a todos os grupos polo seu esforzo e dedicación ao teatro, especialmente aos docentes que os dirixen, animándoos a participar na próxima edición da Mostra de Teatro Escolar do Concello da Coruña.

A Coruña, a 3 de xuño de 2026



ANA JUDEL PRIETO
(presidenta)



RAMIRO NEIRA CORTÉS



XOSE LEIS MARTÍNEZ



ALFONSO QUEIJO RODRÍGUEZ
(secretario)